EXPLORAMOS



Que imos facer?

Propoñémosvos unha tarefa ben sixela e coa que de seguro vos divertiredes. Consiste en viaxar polo planeta, capturar imaxes do seu relevo e amosalas nunha presentación de diapositivas aos vosos compañeiros, acompañándoa de información básica sobre cada un dos lugares polos que viaxedes.

A proposta é triple. Escollede a que máis vos goste:

1º. Facer unha pequena **viaxe pola túa bisbarra** e buscar as diferentes formas do relevo que poidas atopar nela: unha baía, unha montaña, un val, unha serra, un cabo ….

2º. Facer o mesmo, pero ampliando o noso ámbito de actuación a **todo o planeta**. Podes facer unha mistura entre esta opción e a anterior. Que vivo en Ourense, pois vou na busca dunha península ao Mediterráneo ou dun cabo á costa de Pontevedra. Que vivo na costa e non teño unha cordilleira preto de onde vivo, pois dou un paseo por Asia e busco o Himalaia.

3º. **Describimos o relevo dun lugar** que vos guste (Galicia, España, Europa, Asia ….), viaxando por el na busca das súas **unidades do relevo** (cordilleiras, chairas, depresións, mesetas …) **e cumes** máis destacadas.

Que proceso seguiremos?

1º. Elabora un esquema sinxelo do contido que vas desenvolver tomando como guía o contido do tema "O relevo terrestre".

2º. Viaxamos por Google Maps na busca dos lugares e imos capturando as imaxes que necesitemos para a presentación.

3º. Imos poñendo esas imaxes no programa de presentación de diapositivas, adxuntando un mínimo de información sobre elas: nome, lugar , descrición breve, …

4º. Presentámoslles o traballo aos teus compañeiros:

.... explicándolles como o fixestes

…. expoñendo o contido de xeito ordenado, claro e usando o vocabulario adecuado.

…. estando preparado para calquera pregunta ou comentario que os vosos compañeiros (ou o voso profesor) vos fagan.

Que ferramentas usaremos?

- **Google Maps**, conéctandote a internet en https://www.google.es/maps (tamén podes utilizar o Google Earth, pero debes instalalo primeiro no teu ordenador).
- **Captura de pantalla.** Rápido e sinxelo é usar a tecla Impr Prant/Pet Sis do teu teclado. Tamén vos pode axudar a facelo un bo programa de edición de imáxes para capturar na túa pantalla de ordenador aquelas que queiras introducir no teu traballo: GIMP, programa de edición de imaxes libre e gratuito (http://www.gimp.org/),
- **Un programa de presentación de diapositivas** (mesmo o LibreOffice Impress: http://gl.libreoffice.org/). Tes a axuda on-line deste programa en https://help.libreoffice.org/Impress/Instructions_for_Using_Impress/es

Como facelo paso a paso?

1. Imos a Google Maps e buscamos o lugar que queredes amosar. Para buscar a imaxe que queres usar ten en conta:
   - Poñer o mapa en modo relevo (Terra)
   - Xirar ou poñer a inclinación ca que queiras ver a imaxe.
   - Mover, achegar ou alonxar a imaxe a voso gusto.

Esta imaxe pode axudarte a facelo (Titorial:https://support.google.com/maps/?hl=es#topic=3092425):



2. Capturar a pantalla (de xeito rápido coa tecla Impr Prant/Pet Sis)
3. Pegade a imaxe no programa de presentacións e recortádea: botón derito-pegar ou Editar-pegar (titorial de LibreOffice Impress https://help.libreoffice.org/Impress/Instructions_for_Using_Impress/es) Para recortar a imaxe só tes que facer o seguinte: Botón dereito – Recortar a imaxe – Poñer os cms de recorte arriba, abaixo, na dereita e na esquerda, e premer en aceptar. No recadro da parte superior dereita, indícavos como se vai recortando a imaxe:



4. Escribe a información que queirades sobre a imaxe. Na parte inferior ten a icona T, premedes nela e logo pinchades na parte da diapositiva que queirades escribir e poñedes a información. Podedes darlle forma artística con FrontWork:

https://help.libreoffice.org/Common/Fontwork_For_Graphical_Text_Art/es

5. Para darlle un formato máis elaborado á presentación (portada, transicións entre diapositivas …) consulta no tirorial: https://help.libreoffice.org/Impress/Instructions_for_Using_Impress/es
6. Non esquezas nunca de facer referencia á fonte das imaxes, neste caso GoogleMaps.

NOTA: Na unidade póñense á vosa disposición 2 vídeos de apoio sobre Google Maps e Libreoffice Impress.